

**FUN FUN FUN**

Evento de autoedición e banda deseñada independente

## Un evento necesario

O FunFunFun celebrou xa cinco exitosas edicións polas que pasaron máis de 100 artistas, creadoras e colectivos en activo e na vangarda do panorama da autoedición en Galiza e España, así como outras profesionais vencelladas á cultura creativa.

Este evento fíxose un oco como punto de encontro e de referencia na autoedición galega. A sexta edición pretende ser quen de xerar novas sinerxías arredor do festival que favorezan e impulsen espazos de creación e o diálogo entre artistas e público.

O principal obxectivo do festival é apoiar a autoedición e a BD galega consolidando un evento capaz de expoñer e dar a coñecer a vangarda creativa do sector gráfico e da autoedición en xeral.

Desta volta, a organización quere darlle ao evento unha proxección internacional coa presenza de referentes dos sectores creativos de Galiza e Portugal.



## Fun Fun Fun - Festival de Autoedición

A sexta edición do FunFunFun celebrarase os días 4 e 8 de xuño de 2024 no CSC de Santa Marta.

O martes 4 terán lugar na Facultade de Historia as xornadas académicas con presenza de poñentes e artistas de ambas beiras do Miño.

O día 8 será o día dos laboratorios de creación (gráfica, fotografía e audiovisual), actividades totalmente de balde que servirán para aprender e poñer en práctica as habilidades creativas acompañadas de colegas e asesoradas por docentes de longa traxectoria en cada un dos ámbitos. Simultaneamente celebraremos a feira de fanzines, un espazo de encontro, socialización e diversión onde reuniremos a dúcias de creadores e creadoras e público que nos presentarán a súas obras. O día completárase coa actuación de picadiscos e performances artísticas.





Cartaz da sexta edición, obra de Maru Astray

## Programa de actividades

### 4 de xuño de 2024 - Facultade de Historia da USC

Xornadas: Autoedición, arte gráfica e colectivos independentes entre Galicia e Portugal

15:00h. – Presentación das xornadas e do FunFunFun en colaboración co grupo de investigación IDEAHS.

15:15h.-16:05h. – Presentación da novela gráfica *Balada do desterro* (Teresa Moure e Maria João Worm, 2023) a cargo de Teresa Moure, Profesora Titular do Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral (USC).

16:05h.-16:20h. – Descanso

16:20h.-17:10h. – Paula Guerra, Professora Asociada do Departamento de Sociologia (FLUP): “Publicar para resistir. Fanzines e Culturas DIY em Portugal (1978-2022)”

17:10h.-18:00h. – Miguel Anxo Rodríguez, Profesor Titular do Departamento de Historia da Arte (USC): “Os espazos independentes e a creación alternativa entre Galicia e o norte de Portugal”

18:00h.-18:30h. – Descanso.

18:30h.-20:30h. – Mesa redonda: Intercambios entre Galicia e o norte de Portugal, cos artistas Miguel Carneiro, Marco Mendes, Berto Fojo e Natalia Umpiérrez.

### 8 de xuño de 2024 - CSC Santa Marta

10:00 a 13:00 FUNfunLab

Lab Gráfico - Maru Astray e Dani Xove.

Lab Fotografía - Club de Fotografía da Facultade de Comunicación da USC.

Lab Audiovisual - Bruno Arias.

11:00 Feira de fanzines.

13:00 a 16:00 Sesión Dj con “Ningún Dj”.

14:00 a 15:00 Performance presentación Gastrográfica “El delicioso” con Maru Astray e Cibrán.

16:30 a 20:00 Sesión Dj con “Meriwilson”

17:00 a 17:30 Performance Lobopoética con Neves Rodríguez e Benxa Otero.

20:00 Peche da feira.

23:00 Fin de festa no Camalea coas Dj’s “Pídechas o corpo”.



## Actividades

O festival FunFunFun é xa unha cita imperdível e ben asentada no espazo cultural compostelán e galego. Nesta edición o evento medra para se establecer como un punto de encontro lusogalaico da creación e a autoedición coa participación de distintos colectivos e artistas do país irmán, Portugal, que participarán tanto nos seminarios como na feira.

### Encontros FUNKadémicos

Ao abeiro do evento poñemos en marcha unhas xornadas de encontro e reflexión teórica sobre os fanzines e a autoedición, un espazo para o estudo e o encontro dos e das investigadoras.

Propoñemos unha xornada con tres relatorios de investigadores e investigadoras da



**XORNADAS FUNKADÉMICAS**  
do **FUN FUN FUN** + USC IDEAHS 4 de XUÑO en XEOGRAFÍA e HISTORIA

**TERESA MOURE (usc)**  
de 15.15 a 16.05 PRESENTACIÓN da NOVELA GRÁFICA  
ZECA AFONSO. BALADA DO DESTERRO (2+23)

**PAULA GUERRA (FLUP)**  
de 16.20 a 17.10 PUBLICAR PARA RESISTIR.  
FANZINES e CULTURAS DIY EM PORTUGAL (1978-2+22)

**MIGUEL ANXÖ RÖDRÍGUEZ (usc)**  
de 17.10 a 18.00 OS ESPAZOS INDEPENDENTES E A CREAÇÃO  
ALTERNATIVA ENTRE GALICIA e o NORTE de PORTUGAL

**MESA REDONDA**  
MIGUEL CARNEIRO MARCO MENDES  
BERTO FOJO NATALIA UMPIÉREZ  
de 18.30 a 20.30 INTERCÂMBIOS ENTRE GALICIA  
e o NORTE de PORTUGAL

Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade do Porto, onde falaremos de diferentes cuestións relacionadas co mundo da autoedición e da BD, dos colectivos independentes e do intercambio entre Galiza e Portugal na produción gráfica. Queremos achegarnos a estes temas desde disciplinas afíns e complementarias como a Historia da Arte, a Socioloxía, a Comunicación ou a Literatura.

A maiores, contaremos cunha mesa redonda onde participarán artistas e creadoras vencelladas a diversos colectivos galegos e portugueses para falar sobre este intercambio en feiras e eventos de autoedición, así como para presentar e establecer unha conversa arredor dos seus proxectos.

Pensamos necesario este espazo teórico para consolidar no mundo académico, nomeadamente, na USC, o estudo da autoedición con especial interese nos fanzines, para iso establecemos unha colaboración co grupo de investigación IDEAHS, Investigación e Desenvolvemento en Artes e Humanidades (GI-1510) do Departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

### FUNfunlab

Un evento como este ten que ser tamén un motor da creación, por iso poñemos en marcha uns obradoiros multidisciplinares que bautizamos como FUNfunLab. Deste espazo, que combina a creación e a aprendizaxe coa autoedición de fanzines, vídeo e fotografía, sairán distintos traballos que se materializaran en fanzines, exposicións e pexas audiovisuais, mais tamén pretendemos

que sexan xeradores de colaboracións entre creadoras. Deste xeito poñemos en marcha unha das ideas coas que naceu o evento: facer deste un polo creativo onde xerar proxectos e poñer en contacto a creadores e creadoras de distintas disciplinas. Nese choque de talentos asomará a nosa capacidade de ir máis alá.

## Lab Gráfico

**Duración: 3 horas. Prazas: 15. Dinamizadores: Maru Astray e Dani Xove**

Elaboración de un fanzine conxunto e á vez fanzines únicos, persoais e intransferibles.

Introducción á actividades e materiais. Contaremos cunha serie de materiais de debuxo e expresión graficoplástica (papeis, bolis, pegamento, tesouras...). Escáner e fotocopiadora.

Na segunda metade da actividade introduciremos unha segunda mecánica de colaboración na maquetación do Fanzine Final.

Os participantes poden traer o material co que se sintan a gusto.



## Lab Fotografía: A Movidá Estenopéica

**Duración: 3 horas. Prazas: 10. Dinamizadores: Club de Foto da Fac. de Comunicación**

Construcción e manexo de cámaras de fotografía estenopeica de cartón, facendo todo o proceso fotográfico, dende a construción da cámara até o revelado da fotografía.

Importante: Os asistentes deben traer unha caixa de cartón de entre dez e trinta centímetros de lado. A ser posíbel co interior pintado de negro (pintado ou forrado de cartón). No Lab realizaremos o estenopo necesario a cada caixa para facer as fotos, xa que require dunhas características especiais.

A organización fornece os materiais fotográfico e de revelado, mais tamén, quen quixer, pode traer material propio.



## Lab Audiovisual: Obradoiro pequeniño para mirar a través dunha cámara

**Duración: 3 horas. Prazas: 10. Dinamizador: Bruno Arias**

**É preciso traer algún aparello que grabe vídeo (cámara, teléfono, etc.)**

Neste obradoiro daremoslle, a través dunha cámara, unha voltaña á forma en que nos relacionamos coas nosas pulsións creativas. O proceso creativo é unha cousa complexa, moi diferente para cada



persoa e imposible de reducir a un manual de instrucións. No caso do audiovisual, o tema ponse máis difícil porque entra en xogo a nosa relación cunha ferramenta que nos permite falar noutra lingua aínda que a descoñecemos: a cámara, un obxecto que vai converter practicamente calquera cousa que fagamos nunha expresión de algo, sexa consciente ou inconsciente. Isto é unha oportunidade. Por outra banda, sabemos que as nosas intencións creativas son, ademais de nosas, do lugar e do momento en que vivimos. E vivimos nun lugar e nun momento en que nos resulta inevitable vincular a nosa creatividade coa produción, coa consecución dun produto determinado. E isto é un problema.

Ben, pois neste obradoiro pequeniño imos intentar solucionar este problema, aínda que sexa por un par de horas, para ver se podemos aproveitar a oportunidade que nos dá poder xogar cunha cámara. Non imos ter por obxectivo chegar a ningún punto, só percorrermos o camiño e buscar que aparece nel. Falaremos sobre un par de cousiñas, separarémonos para poñelas en práctica e volveremos para falar outra vez e ver o que atopamos.

## Feira de fanzines

Un dos obxectivos principais do FunFunFun é xerar un espazo de encontro entre o público e as artistas e colectivos dedicados á creación de BD e Fanzine, brindando un contacto directo que permita a mostra e interacción.

É, de sempre, unha das actividades estrela do festival. Neste 2024 a convocatoria tivo unha gran acollida superando a participación de anos anteriores. Contaremos con 40 artistas e colectivos que fan unha escolma das mellores propostas no ámbito da autoedición galega e portuguesa.

## FUNzine

E como no FunFunFun gostamos de sentírmolos acompañados polos bos amigos e amigas, editamos o segundo número do FUNzine que se repartirá de balde na feira de autoedición. A publicación consta de 40 páxinas a cor e conta coa colaboración de máis de 35 artistas de toda a península ibérica.



**Maru Astray** formouse coma técnico superior de ilustración na EASD Pablo Picasso e fixo un mestrado de deseño gráfico na ESD EsDesign. Agora compaxina o deseño gráfico e ilustración freelance coa docencia na escola de artes GaraxeLand. Podemos ver o seu traballo máis persoal nalgunhas galerías de arte en Galicia e é participante habitual de eventos, ferias e mercados de arte e autoedición.

**Manuel Barreiro** é profesor e investigador na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Implicado no eido cultural, estivo nomeado aos Mestre Mateo como creador e director da webserie Canillejas. Tamén foi creador e guionista do programa de radio Metrópolis Delirantes (Premio Ourense de BD).

**Pablo Calviño** é profesor e investigador na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Traballou en medios de comunicación e actualmente desenvolve a súa carreira como investigador na USC. Implicado nos movementos culturais e no asociacionismo universitario.

**Lorena Durán** exploradora. Profesionalmente, desafío o tempo meténdome en leas colectivas. Danme puntos extra e ferramentas para continuar habitando un ecosistema cuestionable.

**Joel González** estudou Belas Artes na USAL, aínda que axiña decidiu adicarse a tempo completo á tatuaxe, no que leva traballando 6 anos en distintos estudos da península. Actualmente é residente no Nora tattoo de Compostela, compaxinando a tatuaxe co traballo freelance e a pintura.

**Xaime Lis** é libreiro e está enfeitizado dende ben pequeno coas viñetas e a ilustración, precisa de grandes cantidades de fanzines na súa dieta diaria para subsistir. Fixo parte do programa Metrópolis Delirantes como encargado de debullar as novidades editoriais.

**Íñigo Rodríguez** é comisario de exposicións e investigador na USC sobre xestión cultural. Licenciado en Historia da Arte e Máster en Xestión Cultural pola USC. No último lustro traballou como xestor e adxunto á coordinación en diferentes programas para as deputacións de Pontevedra e A Coruña e os concellos de Vigo e Carballo. Curador principal do espazo de arte Olalab de Santiago de Compostela (2018/2019). Membro da plataforma cultural Idea Bat. Colaborador habitual da Galería Luisa Pita en Santiago de Compostela e da revista dixital arteaunclick.com.

**Neves Rodríguez** é comunicadora e actriz cunha longa traxectoria que estivo sempre implicada no eido da creación e do activismo cultural. Productora da webserie Canillejas (Nomeada aos Mestre Mateo) e da curtametraxe Pequeno Valse Vienés. Foi creadora e conductora do programa de radio Metrópolis Delirantes (Premio Ourense de BD).

**María Gil** é historiadora da arte e investigadora na Facultade de Xeografía e Historia da USC. As súas liñas de traballo abranguen a arte gráfica na Galicia contemporánea, os estudos culturais e a relación entre arte e política na produción autoeditada. Entre outras cousas, coordinou seminarios e xornadas, comisariou exposicións e foi profesora de debuxo e pintura.

**Dani Xove** debuxa case dende o berce, é autor Banda deseñada e publicou O Encanto da Pedra Chá (Everest, 2013), Efectiviwonder Comics (Sindicato del Comic, 2014) ou do webcómic Piratas del Multiverso (RRSS, actualmente), amáis de colaborar en fanzines varios e antoloxías como Licor Café ou Arrepío, as dúas con Demo Editorial.





## Patrocinadores e colaboradores

A programación e o traballo que levamos a cabo na organización deste evento sería imposible sen as entidades que patrocinan e colaboran connosco. Queremos agradecer o compromiso destas asociacións, empresas e institucións coa nosa cultura e, nomeadamente, con este evento. Grazas!

### Patrocinadores



### Colaboradores



Organizado por:

**FUNFUNFUN**  
**HEADQUARTERS**



metrópoles  
delirantes  
Asociación cultural

